

## Publicada a Orde de Concertos Educativos: Preocupante incremento de unidades suprimidas en Educación Infantil

A publicación da Orde de concertos educativos reflexa un incremento total de 16 unidades en todo o sector da educación concertada. Estes datos, que semellan positivos esconden unha situación preocupante para o sector: a perda de unidades de Infantil que aventuran o peche progresivo de liñas de Infantil, Primaria e Secundaria.

	Supresión de Unidades	Incremento de Unidades	Balance
<b>Infantil</b>	<b>12</b>	<b>2</b>	<b>-10</b>
<b>Primaria-ESO</b>	<b>8</b>	<b>6</b>	<b>-2</b>
<b>Educación Especial</b>	<b>5</b>	<b>12</b>	<b>+7</b>
<b>Formación Profesional</b>	<b>1</b>	<b>22</b>	<b>+21</b>
<b>Totais</b>	<b>26</b>	<b>42</b>	<b>16</b>

A UGT-Servizos Públicos o ven denunciando dende vai anos na Mesa Tripartita. Vai haber unha baixada espectacular de matriculacións en Educación Infantil e con elo ven detrás a perda de unidades e a perda de postos de traballo. O de este ano é un anuncio claro do que virá.

A solución é negociar un acordo de mantemento de emprego (AME) cunhas novas condicións e que salven a sangría de postos de traballo que se están perdendo e máis que se van a perder.

- ✚ A UGT-Servizos Públicos propón recolocar aos traballadores no mesmo centro onde se perdan unidades (para reforzos, desdobres e a redución do rateo profesor/alumno).
- ✚ Elo non produce un incremento dos orzamentos educativos pero si da calidade educativa.